

## **Os socialistas cumpren o compromiso asumido cos propietarios das pallozas de Piornedo, rexistrando, no Parlamento, 10 iniciativas para esixir á Xunta a súa rehabilitación en 2014**

Logo de reunirse o pasado xoves cos cidadáns da localidade, o Grupo do PSOE presentou hoxe distintas preguntas e PNLs, a través das que instarán ó Goberno galego a asumir a súa responsabilidade, retomando a convocatoria de axudas que anulou en 2010 e realizando de forma inmediata unha análise da situación que permita recuperar este conxunto etnográfico

Consideran inadmisíbel o “desleixo da Xunta”, pois o artigo 2 da *Lei de Patrimonio Cultural de Galicia* atribúe á *Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de interese galego*. Por iso, esixen a comparecencia do Conselleiro de Cultura e da Directora Xeral de Patrimonio

Dende o Goberno de Fraga, a administración autonómica, a través do IGVS, destinaba cada ano a este fin unha media de 26.000 euros, ata que Feijóo ordenou eliminar esta aportación hai tres anos, ó igual que fixo coas axudas creadas polos socialistas para restauración dos bens do patrimonio etnográfico galego

Unha posible desaparición das pallozas levará implícita un empeoramento da economía local, xa que, ademais da importancia cultural e patrimonial, son un elemento básico para a atracción turística da Montaña, que ten neste sector, xunto co da gandeiría, a única posibilidade de actividade económica. Estas construcións son promocionadas, ademais, por Turgalicia, como un dos reclamos máis coñecidos da Galicia interior

A deputada autonómica -Concepción Burgo-, en nome do Grupo Parlamentario Socialista, rexistrou oficialmente este martes dez iniciativas, a través das que o PSOE instará á Xunta de Galicia a asumir a súa responsabilidade, realizando de forma inmediata unha análise da situación na que se atopan as pallozas de Piornedo e impulsando as medidas necesarias para proceder, en 2014, á rehabilitación deste conxunto etnográfico, tanto de forma directa, pola Consellería de Cultura, como polo órgano da administración que se considere axeitado, ou con axudas directas ós propietarios.

Deste xeito, coas Proposicións non de Lei (PNLs) e as preguntas presentandas, os socialistas dán cumprimento ó compromiso que asumiron na reunión mantida o pasado xoves cos veciños desta localidade, e na que puideron comprobar, de primeira man, as necesidades que presentan estas edificacións, declaradas Ben de Interese Cultural (BICs), e que representan un elemento arquitectónico emblemático non só da comarca de Os Ancares e da provincia, senón de toda Galicia.

“A finais da pasada semana os veciños de Piornedo pedíronnos axuda, xa que as pallozas, corren o risco de derrubarse ou de desaparecer debido a que xa non contan coas axudas que en anos anteriores lles concedía o Goberno galego. Non é admisíbel este desleixo da Xunta de Galicia, tanto da Consellería de Medio Ambiente como da de Cultura, pois ten a obriga directa de protexer o patrimonio cultural, tal e como recolle o artigo 2 da *Lei de Patrimonio Cultural de Galicia*”. Esta normativa cita textualmente: *correspóndelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de interese de Galicia*.

## **Comparecencia dos responsables**

Dada a responsabilidade que a administración autonómica adquire por lei, e que non está a cumprir, "nas nosas iniciativas temén pedimos a comparecencia do conselleiro de Cultura e da directoral xeral de Patrimonio. Cremos que o Sr. Vázquez e a Sra. Martínez deben explicarnos a todos os lucenses, primeiro, por que retirou estas axudas e, segundo, que previsións manexa para manter en pé estas edificacións. O Partido Popular teranos que dicir se está cos veciños de Piornedo ou, se pola contra, está a favor de que as pallozas rematen por desaparecer, o que levará implícito un empeoramento da economía da zona, xa que, ademais da importancia cultural e patrimonial, son un elemento básico para a atracción turística da Montaña, que ten neste sector, xunto co da gandeiría, a única posibilidade de actividade económica. De feito, estas construcións son promocionadas por Turgalicia, constituíndo un dos reclamos máis coñecidos da Galicia interior", destada a deputada autonómica.

## **"Foi chegar Feijóo e foi eliminar as axudas"**

Concretamente, as pallozas foron rehabilitadas polo Goberno de Fraga, de tal xeito que, a administración autonómica, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, destinaba a este fin unha media de 26.000 euros en cada exercicio. Era unha cita anual que non fallaba dende hai máis dunha década ata que o Goberno actual, a pesares de ser o responsable do seu mantemento por tratarse dun Ben de Interese Cultural, ordenou eliminar esta aportación hai tres anos. "É dicir, foi chegar Feijóo á Presidencia da Xunta e foi suprimir estas axudas", afirmou Burgo.

Por outra banda, ata 2009, co mandato de Touriño, a Consellería de Cultura tiña, ademais, outras axudas anuais para a restauración dos ben do patrimonio etnográfico de Galicia. Coa entrada do Partido Popular na Xunta, estas tamén desapareceron.

## **A palloza da Xunta é a que está en peor estado**

A eliminación destas medidas é indicativa da "inexistente preocupación" do Executivo polo patrimonio cultural de Galicia, e isto é máis evidente cando se coñece que a palloza máis deteriorada é precisamente a que pertence ó Goberno galego. Esta atópase co teito a piques de derrubarse e conta con importantes filtracións de auga, o que está a provocar que as madeiras estén "case podres". Tendo en conta a gravidade da situación, "e que nin tan sequera son capaces de manter a deles", os socialistas tamén preguntarán polas causas que provocaron o acuciado deterioro e se a administración autonómica ten previsto restaurala.

## **A segunda vez**

Deste xeito, con esta, son dúas as ocasións nas que os socialistas se dirixen, na Cámara, ó Goberno autonómico para reclamar o mantemento destas axudas. A primeira delas, foi na comisión parlamentaria do 30 de outubro de 2013. Naquel momento, o Grupo do PSOE tamén presentou varias preguntas para coñecer as previsións da Xunta con respecto a este tema e ós prazos que manexa a administración autonómica para aprobar o proxecto de alumeado público de Piornedo, pois malia que, esta é a aldea máis representativa deste espazo natural, as corenta persoas que nela residen, aínda carecen deste servizo público básico. Pasaron case tres meses e, a día de hoxe, o Executivo de Feijóo aínda non emitiu unha resposta ás cuestións plantexadas polos socialistas.

14 de xaneiro de 2014

**Saúdos,**  
**Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo**